



NOTA DE PRENSA

## **Patti Smith, primeira cabeza de cartel confirmada no Festival Noroeste Estrella Galicia 2019**

**Considerada como a máis grande poetisa da música norteamericana, a aclamada “madríña do punk” visitará por primeira vez o areal da Praia de Riazor o venres 9 de agosto acompañada da súa banda, para facer vibrar ao público con himnos tan recoñecibles da súa lonxeva carreira como *People Have the Power*, *Gloria* ou *Because the Night***

**O 33º Noroeste Estrella Galicia, que na súa pasada edición rexistrou preto de 90.000 asistentes e un 72% de cota feminina nun cartel con máis de 85 bandas e artistas programadas, celebrarase do 6 ao 11 de agosto de 2019, coa mesma filosofía urbana, ecléctica e de calidade, para consolidarse un ano máis como unha cita de referencia do verán peninsular**



*Patti Smith and Band actuarán na Praia de Riazor o venres 9 de agosto*

**A Coruña, 15 de xaneiro de 2019.-** O 33º Festival Noroeste Estrella Galicia da Coruña desvelou esta mañá a súa primeira cabeza de cartel que actuará na Praia de Riazor este verán. Patti Smith fará vibrar a miles de persoas no areal da baía herculina acompañada da súa fiel banda, xunto á cal interpretará algúns dos seus temas máis míticos, que forman xa parte da historia universal do rock, como *People Have the Power*, *Gloria* ou *Because the Night*, entre moitos outros.

Aos seus enérxicos 72 anos, a aclamada “madríña do punk” norteamericana aterrará no Noroeste Estrella Galicia o venres 9 de agosto, a partir das 23.30h, no que é o seu único concerto gratuito confirmado polo momento para este verán en España.

Considerada como a máis grande poetisa da música estadounidense, Smith fará un repaso dos mellores discos das súas máis de catro décadas de traxectoria, desde o icónico *Horses* (1975) ata o seu último traballo, *Banga*, editado en 2012.

O 33º Noroeste Estrella Galicia celebrarase do 6 ao 11 de agosto de 2019, coa mesma filosofía urbana, ecléctica e de calidade dos seus últimos catro anos. Na súa pasada edición, o festival rexistrou preto de 90.000 asistentes e un 72% de cota feminina nun cartel con máis de 85 bandase artistas programadas. Este ano repetirá as súas máis de 150 horas de música ao vivo sobre escenarios singulares repartidos por toda a cidade, para consolidarse de novo como unha cita única e de referencia do verán peninsular.

**PATTI SMITH AND BAND.** Nada en Chicago en 1946, Patti Smith mudouse a Nova York en 1967, cidade na que coñeceu a Robert Mapplethorpe, fotógrafo responsable da portada do seu primeiro e icónico traballo *Horses*. Editado en 1975, *Horses* está considerado como un dos maiores e máis influentes álbums da historia do movemento punk-rock americano. A obra, que tamén marcou a transición do clásico rock ao punk, é igualmente citada como unha influencia fundamental de sucesivos xéneros coma o punk-rock, o post-rock e o rock alternativo.

La polifacética artista, aclamada universalmente como “madríña do punk”, traza un sólido camiño en cada vertente cultural que decide experimentar. Poetisa, cantante, fotógrafa, escritora e compositora, Patti Smith gañou en 2010 o National Book Award estadounidense co seu libro de memorias *Just Kids*. Ademais de membro do Rock and Roll Hall of Fame, a gran poetisa da música norteamericana foi condecorada co título Commandeur des Arts et des Lettres polo Ministerio de Cultura Francés. Asimesmo, grazas á súa entrega e dedicación ao universo cultural, a artista recibiu innumerables premios honorarios e homenaxes ao longo da súa lonxeva carreira, que abarca máis de catro décadas.

### **O NOROESTE ESTRELLA GALICIA, UN FESTIVAL URBANO ÚNICO QUE CELEBRA A SÚA 33 EDICIÓN.**

Como cada ano, A Coruña transformárase en agosto para acoller unha nova edición do Festival Noroeste Estrella Galicia. Este 2019, o festival celebrarase do 6 ao 11 de agosto e contará con máis de 80 bandas e artistas que inundarán cos sons máis eclécticos todos os recunchos urbanos da cidade.

O Festival Noroeste Estrella Galicia é unha cita musical única en España, que ofrece un programa atractivo de concertos gratuítos ao aire libre e que cada ano reúne unha media de 60.000 persoas. Considerado como un dos eventos musicais máis imprescindibles do verán no norte peninsular, o Noroeste está organizado polo Concello da Coruña e conta coa colaboración especial de Estrella Galicia. Un ano máis, o Noroeste Estrella Galicia apostará non só por grandes nomes internacionais, senón tamén polas novas promesas que pisan forte e polas bandas locais e galegas con moito que dicir enriba dun escenario, coa fin de ser de novo o reflexo dunha cidade moderna e fundamentalmente musical. Da súa man, A Coruña abrírase a novos camiños, a novas maneiras de facer e de mirar, consolidándose coma un reclamo de turismo experiencial, contemporáneo e singular.

Fiel á filosofía que ven caracterizando ao festival nas súas últimas edicións, o Noroeste Estrella Galicia manterá en 2018 o seu carácter urbano con escenarios repartidos por toda a cidade, para ofertar ao público novas experiencias e outras formas de interactuar coa cidade a través da música. Asimesmo, o Noroeste Estrella Galicia repetirá a súa aposta por ofrecer ciclos de programación para todo tipo de públicos a diferentes horas do día e da noite. Na súa 33ª edición contará de novo con sesións matinais (para ampliar a experiencia da cidadanía tamén no mediodía, da man de bandas con pegada da escena galega e estatal) e o Ciclo Selección Noroeste (con directos exclusivos en teatros e recintos a cuberto da cidade). O Mercado da Colleita, de Hijos de Rivera, celebrarase tamén durante a fin de semana.

O Concello da Coruña e Estrella Galicia continúan a súa colaboración un ano máis trala firma en 2016 dun convenio institucional relativo á programación cultural que se pode gozar na cidade e que ten como máximo expoñente ao Noroeste.

### **CONTACTO DE PRENSA FESTIVAL NOROESTE ESTRELLA GALICIA 2019**

Luisa Castiñeira. Tel: 620 113 155. Mail: [prensa@festivalnoroeste.com](mailto:prensa@festivalnoroeste.com)

### **PRESS KIT:**

<https://www.dropbox.com/sh/ykslubr7eye9unb/AADJHM5kJSD0MfZRMLFRduWRa?dl=0>

[www.festivalnoroeste.com](http://www.festivalnoroeste.com)

#NOROESTE2019 #SOMSNOROESTE